



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior

Expte 2023000018056

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A INSTRUCIÓN 1/2023 PARA O ACCESO E MOBILIDADE NOS ESPAZOS DE TITULARIDADE PROVINCIAL

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

RESOLVO:

Aprobar a Instrución 1/2023 para o acceso e mobilidade nos espazos de titularidade provincial, co seguinte contido:

INSTRUCIÓN DA PRESIDENCIA 1/2023 PARA O ACCESO E MOBILIDADE NOS ESPAZOS DE TITULARIDADE PROVINCIAL

Nalgúns centros e espazos de titularidade provincial, producíronse recentemente sucesos de diversa índole: furtos, problemas cos accesos de vehículos e o seu tránsito e estacionamento dentro das instalacións, uso dos espazos, seguridade das persoas, seguridade da información, control de acceso por parte do persoal de seguridade de empresas externas ou prioridade e responsabilidade na autorización dos accesos e usos.

O Servizo de Arquitectura e Mantemento ten a responsabilidade de asignar os usos dos espazos en virtude de Resolución da Presidencia 2018/205, así como o mantemento das instalacións de circuitos pechados de TV respecto das gravacións de imaxes realizadas polos distintos sistemas de seguridade nos lugares de acceso e interiores dos centros provinciais

O Servizo de Patrimonio e Contratación é o responsable do contrato de vixilancia dos centros provinciais, que pon ao dispor da Deputación da Coruña persoal que participa directamente no control de accesos de persoas e/ou bens aos centros provinciais, custodia de chaves de ditos centros e o manexo limitado das ferramentas de seguridade electrónica de que dispón a Deputación da Coruña.

Polo exposto, e de cara a establecer un uso racional dos espazos nos que se teñen advertido problemas de convivencia ou que requiren de especiais medidas de seguridade, respectando a labor que ás persoas usuarias deses espazos lles



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior

corresponde, tanto como usuarias como traballadoras, e tratando de garantir a seguridade das instalacións e dos sistemas de información que nas mesmas existen, elaborouse unha Instrución que permita alcanzar eses fins.

I.- Ámbito obxectivo

A presente Instrución será de aplicación ás seguintes instalacións de titularidade provincial:

- Centro A Milagrosa e Fogar Infantil Emilio Romay
- Centro de Día de Menores de Ferrol
- Instalacións do IES Rosalía Mera, Arquivo, Parque Móbil e Imprenta Provincial.
- Palacio Provincial.

II.- Delimitación de zonas

Para cada unha das instalacións de titularidade provincial obxecto das presentes da presente Instrución establece unha delimitación das seguintes zonas segundo os casos:

- Zona de circulación e estacionamento de vehículos permitida.
- Zona de circulación e estacionamento de vehículos prohibida.
- Zona de acceso exclusivo para carga/descarga e labores de mantemento previa activación do protocolo de acceso por parte do centro.

Estas zonas quedan definidas nos planos que acompañan á presente Resolución.

III. Control de accesos

O acceso ás instalacións da Milagrosa e Fogar Infantil Emilio Romay e do Centro de Día de Menores de Ferrol realizarase exclusivamente a través da apertura dos portalóns desde as conserxerías ou o persoal de seguridade das instalacións, accionando o timbre.

No acceso ás instalacións do IES ROSALÍA MERA, ARQUIVO, PARQUE MÓBIL E IMPRENTA PROVINCIAL deben distinguirse os seguintes accesos:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior

1.- Acceso rodado pola rúa Archer Milton Huntington:

1.1.O Parque Móbil será o responsable de xestionar o aparcamento exterior no lateral do garaxe. Esta zona destínase parcialmente ao estacionamento dos vehículos dos técnicos do Servizo de Vías e Obras, cuxas prazas están rotuladas cas matrículas dos vehículos provinciais, polo que non poderán ser ocupadas por outros vehículos que non sexan os particulares dos propios técnicos do Servizo de Vías e Obras no momento en que acoden a buscar os seus vehículos provinciais e durante o uso destes.

Tamén poderán aparcarse nesta zona o persoal técnico do Servizo de Arquitectura e Mantemento así como do persoal das empresas externas xestionadas polo mesmo, durante o tempo estritamente necesario para os traballos de carga, descarga, reparación ou mantemento.

1.2. A Imprenta Provincial será a responsable de xestionar os espazos exteriores que ten diante da súa entrada.

1.3. No resto de zonas, como norma xeral, estará prohibido o estacionamento de vehículos, que será sempre con carácter temporal, e polo tempo necesario para os traballos de carga, descarga, reparación ou mantemento. Ningún estacionamento terá o carácter de permanente.

1.4. En calquera dos emprazamentos indicados poderá estacionar temporalmente un vehículo con condutor do Parque Móbil no transcurso dalgún dos seus servizos.

1.5. Os vehículos que deban acceder ás instalacións deben dispoñer dun dispositivo de apertura automática do portalón de acceso ou no seu defecto accionar o timbre previa comunicación da visita ao persoal de seguridade por parte da unidade xestora de pertenza no caso de persoal da Deputación, ou da unidade xestora de destino no caso de persoas ou empresas externas. Os dispositivos de apertura automática facilitaranse a todas as persoas empregadas da Deputación e empresas adjudicatarias dos contratos de servizo e mantemento que accedan habitualmente ás instalacións do Parque Móbil Provincial cun vehículo da Deputación ou rotulado. O persoal dos servizos e empresas de mantemento estarán previamente identificados polo persoal de seguridade.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior

2.- Acceso peonil pola rúa Archer Milton Huntington:

2.1. O acceso peonil realizarase a través dun código de acceso que se facilitará a todo o persoal da Deputación Provincial que traballe nas instalacións de Arquivo, Parque Móbil e Imprenta Provincial (o IES ten acceso independente xestionado pola súa conserxería) e, no caso doutras persoas alleas que soliciten acceder, accionando o timbre.

3.- Acceso rodado pola avenida de Labañou:

3.1. Dentro dos espazos correspondentes ao campo de fútbol do IES, poderase estacionar exclusivamente vehículos necesarios para o desenvolvemento de traballos de carga, descarga, reparación ou mantemento, e polo tempo polo tempo necesario para a realización do mesmo. A apertura do portal que da acceso ao complexo por este punto poderano accionar as persoas autorizadas: traballos de reparación e mantemento e empresas adxudicatarias dos contratos de servizo e mantemento, ca axuda dos seus teléfonos móbiles (quedando rexistrado o usuario e a hora de entrada) e en caso de non dispor da ferramenta, empregarán o timbre que os comunicará co persoal de vixilancia/portería do IES. Asemade, no lateral interior do Pavillón polideportivo aplicarán os mesmos termos, xa que a vixilancia deste acceso exérceno conxuntamente o persoal de portería do IES Rosalía Mera e o persoal de vixilancia do complexo.

Deberase colaborar en todo momento nas labores de comprobación rutineiras que puideran levar a cabo tanto o persoal de portería do IES Rosalía Mera e o persoal de vixilancia do complexo.

4.- Complexo A Milagrosa e Fogar infantil Emilio Romay

5.1 Ademais das instrucións para o aparcamento temporal que rexen actualmente no aparcamento do Edificio A Milagrosa, estará permitido o estacionamento dos vehículos pertencentes ao persoal técnico do Servizo de Arquitectura e Mantemento, e empresas dependentes deste, cando se atopen realizando algún traballo ou comprobación no complexo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior

5.2. Nas rúas interiores pavimentadas do Fogar Infantil E. Romay non se permitirá o aparcamento nin a circulación, agás ás empresas de aprovisionamento de mercadorías e persoal de mantemento, que avisarán previamente ao persoal do centro para acceder ao mesmo.

5.- Centro de Día de Menores de Ferrol:

Non se permitirá a circulación rodada nin o aparcamento no interior do centro, agás ao persoal e empresas de mantemento e provedores, con carácter temporal. O acceso ao mesmo, con peche perimetral, realizarase a través dun portal cuxas persoas autorizadas poderán accionar ca axuda dos seus teléfonos móbiles (quedando rexistrado o nome da persoa e a hora de entrada-saída). En caso de non contar ca correspondente ferramenta empregarán o timbre que os comunicará ca portería do centro.

A presente Instrución será comunicada ás persoas responsables de todas as instalacións e publicada no portal de transparencia para coñecemento xeral do persoal da Deputación e de calquera persoa que necesite acceder ás instalacións por motivos persoais ou profesionais.


A Coruña, na data de sinatura electrónica



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior


ANEXO





DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior



SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTENIMENTO

PROXECTO:
DELIMITACIÓN DE ZONAS EN EL CENTRO DE DÍA
DE MENORES DE FERROL PARA LA CIRCULACIÓN
Y ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS

A Coruña, diciembre de 2022
La arquitecta técnica
Ana Bárbara Criado

PLANO:
ZONAS PARA CIRCULACIÓN Y
ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS


ESCALA:
1:400

NUMERO:
1



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Arquitectura e Mantemento
Patrimonio e Contratación
Oficialía Maior



- PERMITIDA LA CIRCULACIÓN Y ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS
- PROHIBIDA LA CIRCULACIÓN Y ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS
- ACCESO EXCLUSIVO PARA CARGA/DESCARGA Y LABORES DE MANTENIMIENTO
PREVIAMENTE ACTIVACIÓN DEL CORRESPONDIENTE PROTOCOLO DE ACCESO POR PARTE DEL CENTRO

0 5 10 15



SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTENIMENTO

PROYECTO:
DELIMITACIÓN DE ZONAS EN EL CENTRO
ROSALÍA MERA PARA LA CIRCULACION Y
ESTACIONAMIENTO DE VEHICULOS

A Coruña, diciembre de 2022
La arquitecta técnica
Marina Cabana González

PLANO:
ZONAS PARA CIRCULACIÓN Y
ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS

ESCALA:
1:600

NUMERO:
1